

# 15. *Proxecto de biblioteca escolar*

JOSÉ ANTONIO MARTÍNEZ GARCÍA

*Bibliotecario escolar. Profesor de ensino secundario*

## 1. **Introducción**

Toda actividade que se desenvolve nun centro de ensino de infantil, primaria ou secundaria forma parte dunha unidade: a educación. Deste xeito, debemos entender que a biblioteca escolar non é un espazo illado do seu contorno. Non é a plasmación dun proceso meramente técnico ou tecnicista de clasificación, catalogación, actividades, exposicións, etcétera. Senón que a biblioteca escolar reflicte, e debe reflectir, o concepto que a comunidade educativa, e, principalmente, a comunidade docente, ten sobre o labor educativo que realiza.

A escola xa non pode ser considerada exclusivamente como unha institución de reprodución social; pode e debe ser un mecanismo emancipador da súa comunidade mediante a educación e a análise crítica dos seus métodos e procesos<sup>1</sup>.

Tamén a biblioteca escolar debe ser un espazo para a posibilidade de transformación social<sup>2</sup>, ademais dun espazo para a convivencia. Debemos ser conscientes de que a sociedade actual puxo en marcha mecanismos de darwinismo social no que os recursos culturais e documentais xogan cada día un papel maior na selección dos e das «mellores». A biblioteca escolar debe comprometerse especialmente cos destinatarios do seu labor, social e academicamente, desfavorecidos. Así, debe facilitar ao alumnado o acceso a todos os soportes informativos que necesite e axudarlle a acadar os seus obxectivos académicos e formativos; debe axudar a compensar desigualdades sociais; debe colaborar para democratizar o acceso aos recursos pedagóxicos, informativos e documentais dos centros; debe favorecer unha visión crítica ao alumnado da realidade na que está a vivir, e debe incentivar a renovación das prácticas docentes, tanto para mellorar a situación actual, como para facilitar a actualización permanente.

---

<sup>1</sup> CARR, W. e KEMMIS, S. (1988).

<sup>2</sup> CASTÁN, G. (1998: 23-49).

Fronte á situación na que o libro de texto<sup>3</sup> e clase maxistral son os principais recursos didácticos a empregar, a biblioteca escolar debe fomentar a renovación metodolóxica dos docentes mediante o convencemento para que o profesorado empregue os múltiples recursos documentais que oferta.

A organización tradicional dos contidos curriculares a través das disciplinas ou materias favoreceu o emprego do libro de texto como recurso informativo case único. Sen embargo, as posibilidades metodolóxicas ofertadas na lexislación educativa favorecen a implantación de métodos pedagóxicos de carácter globalizador. A maior emprego de prácticas docentes que recorran a múltiples fontes documentais, maior será a necesidade de contar con bibliotecas escolares que funcionen con coleccións documentais actualizadas, equilibradas e de calidade.

## 2. Definición de proxecto de biblioteca escolar

É un documento extenso onde deben ficar plasmados:

- a situación no momento da elaboración do documento mediante unha diagnose o máis completa posible (como somos no presente),
- a visión ideal a longo prazo da biblioteca e os obxectivos a acadar a curto e medio prazo (como nos gustaría ser e como consideramos que poderemos ser no futuro).

Neste longo proceso, é fundamental a reflexión colectiva sobre cada un destes elementos, posto que sen coñecer a historia da nosa biblioteca non poderemos analizar a situación presente, e, para poder deseñar unha biblioteca de cara ao futuro partindo dos condicionantes e posibilidades presentes, débese valorar a posible consecución de obxectivos a curto e medio prazo. Como o desenvolvemento dun proxecto ten que ser colectivo, a reflexión tamén debe ser conxunta, mediante a participación dunha significativa parte da comunidade docente. Tamén se deben establecer canles de participación do alumnado e das súas familias, estudando as súas demandas e analizando as súas suxestións.

Para a elaboración dun proxecto de biblioteca cómpre, previamente, unha formación teórica (débese desbotar dos claustros docentes a idea de que a biblioteca é un almacén ordenado, que con ter o rexistro informatizado xa funciona ben, e da que todos e

---

<sup>3</sup> «Os libros de texto son, textos que caducan, de uso individual e de escasa relevancia cultural. Preséntanse como conxuntos amazocados e cheos de información descontextualizada. Neles existen claras restricións e exclusións doutros tipos de textos. En definitiva, son textos illados do contorno do discurso social, compendios esquematizados de nocións sen unidade e sen autor» MORENO, V. (2003: 31).

todas saben, todos e todas poden marcar obxectivos, deseñar actividades e avaliar o traballo, etcétera) posto que a teoría, que é a mellor práctica, son os alicerces sobre os que se construíra un proxecto colectivo de traballo. A transcendencia dunha pausada reflexión colectiva, con sólidas bases teóricas, permitirá a construción dun proxecto de biblioteca que garanta a súa continuidade ao longo de varios anos xa que marcará as liñas de traballo por moito tempo.

Se a biblioteca non é un servizo illado doutros que oferte un centro educativo, tampouco pode ser que teña un marcado carácter personalista. A elaboración do proxecto de biblioteca escolar debe ser froito dunha reflexión e dun traballo colectivo que pode, e mesmo debe, superar os muros do propio centro educativo. Así, poderán participar responsables doutras bibliotecas (escolares, públicas), das asesorías de bibliotecas escolares dos Centros de Formación e Recursos, de asociacións ou colectivos interesados. Só en grupo poderase dar resposta a todas as demandas que unha comunidade educativa poda formularlle á biblioteca. Tamén deberán ser tidas en conta as opinións dos usuarios e usuarias. Só en grupo poderase ofertar servizos a todos os sectores da comunidade escolar. A constitución, pois, de Equipos de Biblioteca, é un requisito imprescindible á hora de afrontar a redacción e posta en marcha dun proxecto de biblioteca escolar. No Equipo de Biblioteca deben estar representados os distintos niveis educativos e as distintas especialidades docentes, posto que da variedade vén a complementariedade. Non obstante, o liderazgo, ben persoal, ben dos equipos directivos, pode ser moi importante, tanto para planificar traballo, como para xerar a ilusión necesaria con que abordar o desafío.

Finalmente, o proxecto de biblioteca escolar, deberá definir o propio concepto de biblioteca, un concepto que supere xa a crise de identidade provocada pola aparición de internet, que deixe de ser un museo do libro e da información para converterse nun centro activo con web 2.0, que aproveite e fomente as novas ferramentas electrónicas como os blogs, a RSS, a mensaxería instantánea, a dixitalización documental ou calquera outra que apareza. Un concepto de biblioteca que conciba aos usuarios e usuarias como xeradores de documentación, unha biblioteca on-line, sen límites físicos nin horarios. Unha biblioteca que favoreza a creación de redes sociais de intercambio de coñecementos. Unha biblioteca interactiva, colaborativa por incitar aos usuarios e usuarias á colaborar e que ofrezca información individualizada. Unha biblioteca que asuma as novas formas de mediación nos procesos de aprendizaxe e que permita desenvolver habilidades no uso e tratamento da información.

### **3. Modelos de biblioteca escolar**

A necesidade de exemplificar, tras a necesaria análise e avaliación, o labor que se vén desenvolvendo nas bibliotecas escolares españolas, ten levado a constatar a exis-

tencia de tres modelos<sup>4</sup> que se dificilmente se poden atopar dun xeito «puro», si reflicten axeitadamente os grandes paradigmas nos que se poden chegar a converter as nosas bibliotecas. A comprensión e a reflexión sobre estes tres modelos axudará a situar cada biblioteca nun punto de partida ou, de ser o caso, situar o desexable punto de chegada.

### 3.1. O modelo tecnolóxico

Hai bibliotecas que sitúan no cerne do seu labor principios biblioteconómicos, sendo a razón da súa existencia a consecución dun fondo perfectamente organizado, clasificado, informatizado. Bibliotecas que resolven desde un punto de vista exclusivamente tecnicista a formación de usuarios e usuarias, a educación documental e a promoción lectora. Bibliotecas que aceptan acriticamente o rol que maioritariamente se lle outorga á escola como mera transmisora dun saber socialmente aceptado e de marcado carácter reprodutivo. Este modelo tecnolóxico ou tecnicista da biblioteca escolar tamén pode estar moi preocupado pola dotación cos últimos avances nas tecnoloxías da información.

Estas bibliotecas esquecen o seu papel pedagóxico, deixando á marxe do seu traballo o papel das didácticas especiais. Son bibliotecas que aportan unha visión moi reducida deste servizo educativo. Bibliotecas que teñen principio e fin en si mesmas como unha mera organización técnica. Bibliotecas que non potencian o labor innovador que poden aportar os docentes desde a renovación pedagóxica. Bibliotecas que en canto cumpren uns parámetros técnicos xa consideran que acadaron os seus obxectivos porque esqueceron os referentes sociais da escola e se centran nos medios técnicos. Bibliotecas que son unha mera adecuación do funcionalismo tecnicista existente en moitas bibliotecas públicas. Bibliotecas que cando consideran que posúen moita información ao acceso dos usuarios e usuarias xa acadaron un dos seus obxectivos básicos. En resume, son bibliotecas insuficientes para unha poboación en proceso de formación democrática.

### 3.2. O modelo práctico

Derivado do modelo tecnolóxico tradicional e da adaptación de actividades e propostas procedentes das bibliotecas públicas, caracterízase por unha concepción da escola e da educación centrada no alumno ou alumna, ao valorar como principais fontes curriculares as psicopedagóxicas. Son unha bibliotecas escolares capaces de modificar a organización, as normas de funcionamento, as rutinas, a distribución espacial para un mellor aproveitamento dos recursos polos seus usuarios e usuarias. Estas bibliotecas valoran especialmente a aprendizaxe por descubrimento ao destacar máis

---

<sup>4</sup> CASTÁN, G. (2002: 158)

os procedementos para adquirir o coñecemento que o coñecemento elaborado co formato pechado dos libros de texto.

Son unhas bibliotecas, polo tanto, que non centran o seu labor no proceso técnico, na perfecta organización catalográfica dos fondos, senón que valoran o coñecemento académico como un medio para manexar e dominar os procedementos. É un modelo que, por evolución do anterior, supón un paso adiante ao liberarse do corsé tecnicista, adaptando a organización, os espazos e as actividades aos seus usuarios e usuarias. Pode ser, polo tanto, un modelo a considerar especialmente nos primeiros tramos educativos.

### **3.3. O modelo crítico**

Considerando como as fontes do currículo máis sobranceiras as socioeconómicas e culturais, xa que son as que permiten unha reflexión crítica da realidade, este modelo defende a necesidade da implicación da escola e da súa biblioteca na defensa dun traballo que permita reflexionar ao profesorado e ao alumnado sobre as desigualdades sociais e as situacións de inxustiza existentes. Asíumese que a escola non é unha institución exclusivamente transmisora duns valores e coñecementos socialmente acrílicos. Parte, xa que logo, dunha visión da educación na que se lle outorga á escola unha certa capacidade de transformación social e na que a educación fica vencellada á formación dunha cidadanía crítica.

A biblioteca escolar debe ser unha ferramenta imprescindible para a adquisición dos procedementos e os coñecementos que permitan traballar cos obxectivos de ser un vehículo de cara á formación de alumnado crítico, e de cara a considerar a educación como un espazo para a transformación social, para a emancipación. Polo tanto, e para acadar estes obxectivos da escola e da súa biblioteca, os procedementos, os conceptos, os contidos, os valores, e a información, estarán vencellados ás prácticas das didácticas especiais.

Este modelo non menospreza os elementos positivos dos modelos anteriores, posto que reconece a importancia duns criterios técnicos asentados e fiables, e reconece a importancia do emprego das novas tecnoloxías da información e da documentación. Propón como fíos condutores do seu labor profesional, entre outros, os seguintes: apoio á investigación-innovación docente; participación na consecución dos obxectivos académicos do alumnado; contribución no desenvolvemento das áreas transversais, tratamento da diversidade, contribución no deseño e desenvolvemento dos programas de diversificación curricular; preparación da oferta da optatividade do centro educativo, dos módulos profesionais e de garantía social ou iniciación profesional; elaboración dunha ampla oferta de actividades culturais e promoción lectora, ademais daquelas outras que tradicionalmente xa se desenvolven nas bibliotecas escolares.

É un modelo chamado a xogar un papel fundamental no elaboración e desenvolvemento dos proxectos curriculares dos centros educativos xa que é o que acada unha maior implicación co seu contorno.

### 3.4 ¿Cara a un modelo galego?

A acumulación de normativa recentemente feita pública pola Consellería de Educación semella que está a debuxar un novo marco legislativo sobre as bibliotecas escolares. Así na terceira convocatoria do Plan de mellora de bibliotecas escolares de Galicia<sup>5</sup>, no Anexo X a administración educativa galega ofrece unhas «Orientacións» sobre a biblioteca escolar, nas que sen modificar a normativa existente, deseña un modelo aproveitando as posibilidades legislativas. Tras definir que entende por Biblioteca escolar, determina que a biblioteca debe centralizar todo o material informativo dos centros educativos, tanto para o seu control e xestión como para a súa dinamización. A xestión deberá realizarse mediante criterios estandarizados. Elaborarase un plan de adquisicións, contando coa colaboración dos docentes. Os fondos serán accesibles e colocados, preferentemente, en andeis abertos.

A biblioteca, que será para os equipos directivos unha das necesidades organizativas, deberá contar co horario máis amplo posible, mesmo en horario extraescolar, e deseñará actividades para a formación de usuarios, para a educación documental ou ALFIN e para o fomento da lectura. Ademais, e por aplicación da nova Lei Orgánica de Educación, a biblioteca, xogará un papel preponderante no deseño e desenvolvemento dos proxectos lectores dos centros.

Como desenvolvemento da Lei Orgánica 2/2006 de Educación, a Consellería aprobou os decretos 130/2007 e 133/2007 que, respectivamente, establecen o currículo de educación primaria e a regulamentación das ensinanzas de secundaria. Como un dos obxectivos da educación secundaria obrigatoria figura

*e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación<sup>6</sup>.*

Nestes decretos, ademais, introdúcese o concepto de «*competencias básicas*» que deberán ser desvoltas en todas as materias. Recóllense oito competencias básicas,

---

<sup>5</sup> Orde do 7 de maio de 2007 pola que se convoca o Plan de mellora de bibliotecas escolares en centros públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, para o curso 2007/2008 (Diario Oficial de Galicia, 16-V-2007). Ditas Orientacións mantéñense na 4ª convocatoria do Plan de Mellora (Diario Oficial de Galicia, 7-V-2008).

<sup>6</sup> Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. (Diario Oficial de Galicia, 13-VII-2007).

destacando a competencia en comunicación lingüística, o tratamento da información e competencia dixital e a competencia para aprender a aprender.

Ademais nestes dous decretos recóllese a obrigatoriedade para os centros educativos da elaboración dun Plan Lector que recolla «todas as actuacións do centro destinadas ao fomento da lectura e da escritura e á adquisición das competencias básicas». Igualmente, todos os centros educativos deberán desenvolver un *Plan de integración das tecnoloxías da información e da comunicación* para que o alumnado adquira a habilidade de buscar, obter, procesar e comunicar información e para transformala en coñecemento, sendo imprescindible para iso o *uso da biblioteca escolar como centro de recursos multimedia para a obtención de información e para a aprendizaxe*<sup>7</sup>.

Máis recentemente, mediante a Orde do 17 de xullo de 2007 da Consellería de Educación<sup>8</sup> afirma que poderá percibir un complemento económico o profesorado encargado da dinamización da biblioteca escolar. As funcións da dinamización da biblioteca (que por primeira vez esténdese ao profesorado de infantil e primaria) que se recollen son basicamente as mesmas que as xa lexisladas para os centros de secundaria, engadíndolle novas funcións a ese *dinamizar*<sup>9</sup>.

Máis estas novas atribucións non supoñen un aumento da dedicación horaria en secundaria posto que a Orde do 17 de xullo contempla que cobrarán o complemento de titoría os/as dinamizadores da biblioteca que dediquen «polo menos, dúas horas semanais das complementarias fixas» (o máximo lexislado ata agora era de catro períodos de 50 minutos á semana en secundaria). Sen embargo, en infantil e primaria supón un ridículo avance, posto que de nada pode pasarse a esas dúas horas sinaladas.

Semella que con esta nova lexislación a Consellería de Educación está a formular un modelo de seu de biblioteca escolar. Mais, como é obvio aínda non abonda.

---

<sup>7</sup> Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (Diario Oficial de Galicia, 9-VII-2007). Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia (Diario Oficial de Galicia, 13-VII-2007).

<sup>8</sup> Orde do 17 de xullo de 2007 pola que se regula a percepción da compoñente singular do complemento específico por «función titorial e outras funcións docentes» (DOG do 24-VII-2007)

<sup>9</sup> «Elaborar, en colaboración co profesorado de apoio, o proxecto anual de biblioteca escolar e a memoria final. Coordinar, seguindo as directrices da consellería, a elaboración e posta en práctica do proxecto lector do centro, coa participación de todo o profesorado. Asesorar ao profesorado en técnicas de animación á lectura, estratexias de dinamización, formación de usuarios e traballo documental, seleccionado e elaborando materiais, xunto co resto do profesorado, para a formación do alumnado nestes aspectos. Coordinar o equipo de apoio á biblioteca escolar. Representar o equipo da biblioteca na Comisión de Coordinación Pedagóxica». Íbidem.

#### **4. Elaboración dunha diagnose crítica da situación presente**

Tras coñecer a situación lexislativa, o primeiro paso á hora da redacción do Proxecto de Biblioteca Escolar, será reseñar brevemente a orixe do centro educativo e da súa biblioteca, o labor realizado dende entón, as persoas que nela traballaron (que obxectivos tiñan e cales acadaron); as orixes do local, do mobiliario, da colección; a utilización tradicional do alumnado e profesorado da biblioteca nos cursos anteriores. Tamén é interesante sinalar as dificultades tidas para acadar a situación presente así como os apoios recibidos desde as orixes e ata o presente. Todo isto debe ser o arranque do proxecto da biblioteca escolar.

Posteriormente elaborárase unha análise crítica da situación da biblioteca escolar en canto á súa presenza nos documentos programáticos e de xestión do centro educativo, da súa relación cos sectores que compoñen a comunidade escolar e sobre os responsables da xestión e funcionamento da biblioteca para avaliar a súa visibilidade na comunidade educativa.

Deste xeito deberase anotar a presenza ou non da biblioteca no Proxecto Educativo de Centro, no Regulamento de Réxime Interior, na Programación e Memoria Xeral Anual. Tamén deberase anotar se a biblioteca elabora a súa propia Programación e Memoria Anual. Para coñecer a valoración que sobre a biblioteca fan os distintos sectores da comunidade educativa deberase elaborar unha diagnose explícita sobre a presenza ou non da biblioteca nas decisións do Consello Escolar, do Equipo Directivo, do Claustro, da Comisión de Coordinación Pedagóxica. Así como coñecer a opinión do alumnado, da Asociación de Nais e Pais do Alumnado, do persoal non docente e a incidencia ou as relacións que se teñen co contorno. Tamén, deberase elaborar unha análise crítica sobre a persoa responsable deste servizo e do Equipo da biblioteca.

Unha segunda parte da diagnose da biblioteca ten que ver coa análise do seu orzamento, o local, a organización do espazo, o mobiliario, o equipamento técnico, o sinalamento, a colección, o expurgo, o tratamento técnico dos fondos, o horario de apertura, os servizos ofrecidos, as actividades de formación de usuarios e usuarias, a educación documental, a promoción lectora, e as actividades culturais. Tamén deberase valorar o traballo en redes, e os procesos de avaliación implantados.

#### **5. Definición e modelo da biblioteca escolar**

Despois de recoller a historia da biblioteca e elaborar a diagnose da situación presente, para valorar axeitadamente o punto de partida, o seguinte apartado á hora de redactar o proxecto de biblioteca escolar, debe ser precisamente definir que entende unha determinada comunidade educativa por biblioteca escolar.



*A Biblioteca Escolar é un Centro de Recursos Educativos, espazo dinámico da aprendizaxe, organizado centralizadamente e integrado por recursos bibliográficos, documentais e multimedia, que se pon a disposición de toda a comunidade educativa para apoiar o proceso de ensinanza-aprendizaxe e para propiciar o acceso ao coñecemento ao longo de toda a vida*<sup>10</sup>.

Hoxe en día estase asentando o concepto da biblioteca como Centro de recursos para a Ensinanza e a Aprendizaxe (CREA), que fomenta a innovación educativa e que propicie a aprendizaxe colaborativa, aberta e globalizadora. Un centro de recursos que fomenta a aprendizaxe permanente, o aprender a aprender, no que se manifeste o dereito universal á información e que superando o tradicional concepto de xestor de recursos sexa parte dos contidos curriculares, actuando como dinámico mediador na mellora das competencias formativas e lúdicas dos seus usuarios e usuarias.

Tras ter definido este centro de recursos de ensinanza-aprendizaxe e de lectura, débese determinar o modelo de biblioteca á que se desexa chegar (tecnolóxico, práctico ou crítico) pois isto permitirá marcar uns obxectivos a medio e longo prazo. O tempo que se adique a esta discusión colectiva será de vital importancia e permitirá encauzar correctamente todo o traballo por realizar. As dificultades para acadar os obxectivos propostos poden ser abondosas, mais determinar claramente o modelo a seguir permitirá non cometer demasiados erros á hora do traballo cotiá.

## **6. Obxectivos e funcións da biblioteca escolar**

O proxecto de biblioteca escolar debe determinar cales son os obxectivos e as funcións para cada centro. Será neste apartado onde cada biblioteca poda determinar algunhas características de seu para convertela nun moderno centro de aprendizaxe, asegurándolle á comunidade escolar o acceso a unha ampla gama de recursos, nun servizo que informe, que forme e que entreteña. A biblioteca, como espazo educativo con recursos multimedia destinada á súa comunidade, debe estar integrada no Proxecto Educativo do Centro e nos desenvolvementos curriculares de todas as materias. Debe favorecer o cumprimento dos obxectivos da educación, desde os académicos ata os culturais, sen esquecer a corrección das desigualdades sociais, en orixe e recursos, do alumnado.

Son varios os documentos que analizan cales poden ser os obxectivos e as funcións a cumprir polas bibliotecas escolares, algúns de carácter internacional entre os que debemos destacar o Manifesto da UNESCO/IFLA e outros de orixe española.

---

<sup>10</sup> SISTEMA NACIONAL DE BIBLIOTECAS (2005) *Normas para bibliotecas escolares*. Perú. [http://www.sai.com.ar/bibliotecologia/boletin/imagenes/bie027\\_normas\\_escolares.pdf](http://www.sai.com.ar/bibliotecologia/boletin/imagenes/bie027_normas_escolares.pdf)

No Encontro Nacional de Bibliotecas Escolares de 1997<sup>11</sup>, aínda non superado nas súas válidas conclusións nin tan sequera polo recente Primeiro Congreso Nacional de Bibliotecas Escolares de 2006<sup>12</sup>, afirmábase que a biblioteca ten unhas funcións educativas que, ademais da busca da formación integral do alumnado, deben supor o deseño, o desenvolvemento e a innovación curricular, xunto a

*Fomento da lectura de todo tipo de linguaxes e en todo tipo de soportes. Formación na busca, análise e tratamento da información e a documentación. Fomento da expresión e da creatividade. Educación para o tempo libre. Información e orientación.*

Igualmente, a biblioteca, como espazo interdisciplinar, tamén debe ter unhas funcións culturais: proporcionando información de carácter cultural, de recursos e servizos culturais e organizando, tamén, actividades culturais por iniciativa propia ou en colaboración con outras entidades.

A biblioteca, finalmente, tamén ten unhas funcións técnicas para xestionar os seus recursos e cumprir as súas funcións educativas, culturais e sociais.

Tamén, débese manter como obxectivo prioritario a democratización ao acceso aos diversos soportes da información, tratando de paliar as desigualdades de recursos do alumnado, porque

*Resulta fundamental conceder prioridade á democratización do acceso aos circuitos nos que se produce e distribúe o coñecemento socialmente máis significativo. A privatización destes circuitos e a súa apropiación por parte dun grupo reducido da poboación daría lugar a unha especie de neodespotismo ilustrado, incompatible con formas políticas democráticas de participación e control social. A democratización do acceso aos niveis superiores de análise de realidades e fenómenos complexos debe ser universal<sup>13</sup>.*

Hai que insistir no obxectivo que debe ter a biblioteca de comprometerse coa educación, loitando contra o denominado «fracaso escolar», favorecendo a igualdade de oportunidades e eliminando factores de exclusión social<sup>14</sup>.

<sup>11</sup> Conclusións do Primeiro Encontro Nacional de Bibliotecas escolares. Madrid, 13, 14 e 15 de marzo de 1997. <http://w3.cnice.mec.es/recursos2/bibliotecas/html/encuen/03conclu.htm>

<sup>12</sup> Resume e conclusións do Primeiro Congreso nacional de bibliotecas escolares. Salamanca, 18, 19 e 20 de outubro de 2006. <http://www.fundaciongsr.org/documentos/7667.pdf>

<sup>13</sup> BENITO MORALES, F. (2000:15).

<sup>14</sup> «Por este motivo (o centro) (...) crea e apoia unha biblioteca escolar que ofrece servizos que atenden ás necesidades educativas de toda a comunidade escolar, que axudan aos alumnos e aos profesores a facer un axeitado proceso de ensinanza e aprendizaxe. Non obstante, descúbrense que son precisamente os alumnos que máis o necesitan os que menos utilizan estes servizos. É dicir, son os alumnos con malos resultados académicos e que proceden de medios socioculturais máis baixos os que non se acercan por propia iniciativa á biblioteca» BREZMES NIETO, M. (2003: 63)

## 7. Determinar as responsabilidades sobre a biblioteca

No proxecto de biblioteca, débese subliñar a importancia de explicitar as responsabilidades, persoais e colectivas, para xestionar o servizo.

### 7.1. O/a responsable da biblioteca e as súas funcións

Existe un consenso internacional sobre as competencias básicas que deberá posuír a persoa responsable da biblioteca:

- coñecemento da teoría educativa e da metodoloxía da aprendizaxe,
- habilidades para localizar e usar a información,
- coñecemento sobre os materiais que compoñen a colección e como acceder a eles,
- coñecemento e comprensión da diversidade cultural,
- coñecemento sobre a literatura infantil e xuvenil,
- coñecementos e habilidades nas tecnoloxías da información,
- coñecemento e habilidades na xestión e no marketing.

Debe ser unha persoa que se sinta cómoda no manexo das novas tecnoloxías da comunicación. A situación ideal sería que entre as persoas que conformen o equipo da biblioteca exista algún docente experto no manexo da informática, posto que a biblioteca debe ser o referente dixital do centro educativo de xeito tal que os documentos electrónicos, as webquests, os blogs, os boletíns dixitais, as páxinas web, as wikis, etcétera, estean sempre relacionados coa biblioteca. A pesar que aínda non son para mañán as bibliotecas dixitais (as e-bibliotecas) nos centros educativos, debe estar formado nestas ferramentas (unha biblioteca dixital non é como unha biblioteca tradicional, mais un bibliotecario/a dixital segue a ser un bibliotecario/a). Tamén pode e debe ser unha figura clave na renovación pedagóxica e cultural no centro educativo. Pode e debe ser un xerador de situacións de aprendizaxe. Mais

*non se trata dun papel personalista, senón da asunción de responsabilidades delegadas polo conxunto da comunidade, aínda que tamén compartidas e apoiadas firmemente polo equipo directivo e o resto do claustro*<sup>15</sup>.

A persoa responsable da biblioteca debe poder desenvolver o seu labor con continuidade ao longo de varios cursos para garantir a execución e avaliación dun proxecto completo. Ademais, cómpre unha dedicación horaria suficiente tal e como perma-

---

<sup>15</sup> LÓPEZ, R. e CENCERRADO, L.M. (1998) «La biblioteca escolar: un delirio necesario», en OSORO ITURBE, K. *La biblioteca escolar, un derecho irrenunciable*. Madrid: Asociación Española de Amigos del Libro Infantil y Juvenil, 110-117. Cita da páxina 115.

nentemente é reclamado por todos os colectivos interesados e mesmo nas conclusións do recentemente celebrado *Primer Congreso Nacional de Bibliotecas Escolares*<sup>16</sup>.

## 7.2. Determinar o equipo e as súas funcións

O Equipo de Biblioteca estará integrado por un grupo de docentes de distintas áreas e materias e dos diversos tramos educativos existentes no centro para garantir unha representatividade na determinación, entre outros factores, das necesidades documentais. Deberá ter ou recibir formación sobre todos os aspectos da biblioteca, aínda que, no reparto de tarefas, poda existir unha certa especialización. Este colectivo, en coordinación coa persoa responsable da biblioteca, será o responsable de desenvolver todas as funcións propias do labor bibliotecario. Ademais, deberase contar coa xefatura de estudos e coa inspección educativa para garantir unha dedicación horaria suficiente<sup>17</sup>.

Finalmente, o proxecto de biblioteca debe establecer tamén as canles de colaboración con todos os sectores da comunidade educativa (alumnado, familias, docentes, antigos alumnos e alumnas, etcétera), determinando os obxectivos, os aspectos e os medios a abordar con cada segmento da comunidade escolar.

## 8. Facer visible a biblioteca nos documentos programáticos e de xestión do centro

No proxecto de biblioteca, débense redactar tantas propostas sobre a biblioteca como documentos programáticos e de xestión teña o centro educativo. Deste xeito contribuírase enormemente á súa visibilidade. Así a persoa responsable da biblioteca, deberá elaborar documentos, para a súa discusión en grupo e posterior estudo e aprobación nos órganos competentes, de inclusión da biblioteca escolar no Proxecto Educativo de Centro, no Regulamento de Réxime Interior, na Programación Xeral Anual e na Memoria Anual. Débese ser consciente que calquera ampliación do redactado lexislativamente sobre a biblioteca (por exemplo, a centralización na biblio-

<sup>16</sup> <http://www.fundaciongsr.org/documentos/7667.pdf>.

<sup>17</sup> En canto ás súas funcións, poden ser as seguintes:

- «-Apoiar ao responsable da biblioteca na organización e dinamización da mesma.
- Recompilar informacións, materiais e recursos necesarios para o bo funcionamento do servizo, co fin de facilitarllelos aos usuarios da biblioteca escolar.
- Cooperar ao deseño, organización e posta en marcha das actividades programadas.
- Establecer criterios para a adquisición e actualización dos fondos da biblioteca.
- Recoller propostas e suxestións do profesorado e o alumnado coa fin de mellorar as intervencións e colaborar ao desenvolvemento da competencia lectora, o hábito lector as habilidades de traballo intelectual». Asesoría de bibliotecas escolares (2006: 16-17) e Anexo X da *Orde do 7 de maio de 2007 pola que se convoca o Plan de mellora de bibliotecas escolares en centros públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Educación e ordenación Universitaria, para o curso 2007/2008* (Diario Oficial de Galicia, 16-V-2007).

teca de todos os recursos didácticos adquiridos polos departamentos ou polos equipo de ciclos) e que un centro desexe aplicar, deberá estar aprobada polo órgano correspondente (Claustro, Consello Escolar ou Dirección).

Igualmente, o responsable da biblioteca será o encargado de elaborar anualmente a programación da propia biblioteca, para, e tras o seu estudo polo equipo colaborador, incluíla na Programación Xeral Anual do centro<sup>18</sup>. Do mesmo xeito, será a persoa encargada de redactar a Memoria Anual para, e tras seguir o mesmo procedemento, que sexa incluída na Memoria Anual do centro educativo<sup>19</sup>.

A visibilidade deste servizo no centro, tamén pode vir dada pola súa produción documental, elaborando textos que sexan coñecidos e analizados en todos os órganos de xestión colectiva do centro educativo. Periodicamente, a biblioteca deberá estar presente nestes órganos de coordinación (equipos de ciclo, comisión de coordinación pedagóxica) e decisión colectiva (claustro, consello escolar), con novas propostas e documentos garantindo, deste xeito, que a comunidade educativa conciba a biblioteca como un servizo vivo e en permanente estado de mudanza e actividade.

## 9. Planificar a organización do espazo e o seu sinalamento

A importancia da reflexión, e decisión posterior razoada, sobre o deseño do espazo debe ser valorada como moi necesaria. O proxecto de biblioteca deberá conter as necesidades espaciais do servizo, incluíndo as lumínicas e as de seguridade, así como a distribución e organización do mobiliario, xunto coa mobilidade das persoas, no local existente e, tamén, no local desexable para, deste xeito, ter deseñado o posible crecemento e mellora física da biblioteca.

O tamaño adecuado do local é o inicio da construción do proxecto chamado biblioteca, a pesar do cal, hai magníficos servizos bibliotecarios nas ridículas superficies que contemplan as normativas educativas. Un local que deberá contar cunhas mínimas características espaciais: local céntrico, de doado acceso, seguro, cómodo, sen barreiras arquitectónicas nin de mobiliario.

O proxecto de biblioteca, canto máis polo miúdo sinale as necesidades neste apartado, máis doado será de convencer ás persoas necesarias para contar, de verdade, dun

---

<sup>18</sup> Un 60% das bibliotecas escolares españolas afirman dispor dun plan de traballo anual, sendo a porcentaxe maior nos centros públicos que nos privados e maior en educación primaria que en secundaria MARCHESI, e A. MIRET, I. (2005:151).

<sup>19</sup> Na sección de bibliotecas das páxinas web de moitos centros educativos, pódense ver exemplos desta documentación.

espazo, que por tamaño, distribución espacial, mobiliario e equipamento, realmente se lle poda chamar biblioteca. Ademais, canto máis se vaia utilizando a biblioteca máis se irá sentido a necesidade dunha mellora substancial no seu equipamento. É, polo tanto, moi importante argumentar documentalmente, a necesidade destes recursos materiais.

No proxecto de biblioteca débense recoller os criterios para o sinalamento, tanto externo como interno, xa que un bo sinalamento favorece a autonomía dos usuarios e usuarias<sup>20</sup>. O sinalamento debe ser simple e comprensible, colocado en lugares visibles e apropiados, de tamaño suficiente, con mensaxes concisas e nas que se pode combinar mensaxes textuais e iconográficas, para garantir un acceso sinxelo e rápido á información. Debe figurar o sinalamento externo, indicando a situación da biblioteca (é unha forma de facela visible así como de subliñar a importancia que se lle concede). Tamén deben figurar, no proxecto, os sinais internos (ubicación e orientación), os normativos e os de contido.

Finalmente, o proxecto debe recoller a normativa de uso e funcionamento da biblioteca para, posteriormente, concretar desde o horario, as normas de funcionamento do préstamo, ata as condicións de utilización dos equipos informáticos e electrónicos.

## **10. Determinar as necesidades materiais: Mobiliario, equipamento informático e colección**

Analizada a situación actual e real da biblioteca, o proxecto de cara ao futuro debe deseñar as necesidades de equipamento. Dentro dos escasos recursos económicos dos centros, sempre existe a posibilidade de ir mellorando, tamén nas instalacións e no equipamento das bibliotecas. O seu mobiliario deberá ser funcional, sólido, práctico, resistente, sinxelo, cómodo, agradable, ademais de adaptado aos usuarios e usuarias da biblioteca e, finalmente, e aínda hai que insistir nisto, un mobiliario que permita o acceso directo dos usuarios e usuarias aos fondos documentais. Nunca se insistirá bastante nos centros educativos sobre a importancia que ten o aspecto formal da biblioteca para fomentar a súa utilización.

O deseño das necesidades do equipamento informático e audiovisual tamén é unha parte a destacar do proxecto de biblioteca. Deben pensarse as necesidades para o proceso técnico e para os usuarios e usuarias, de xeito tal que na propia biblioteca

---

<sup>20</sup> «...un Sistema de señalización eficaz tórnase imprescindible para unha boa preparación, difusión e localización dos diferentes materiais no espazo. (...) o sinalamento constitúese nun elemento de axuda á busca documental, contribuíndo, á súa vez, á creación da identidade visual ou imaxe de marca da biblioteca (concepto esencial á hora de que se estableza a súa propia estratexia de marketing) «La señalización» (1995) *Educación y biblioteca*, 7, núm. 59: 54.

podan ser utilizados todos os recursos ofertados. Así haberá que contar con ordenadores, impresoras, lector de código de barras, reprodutores de audio, vídeo, dvd, etcétera. O número de equipos ofertados tamén debe estar en relación coa capacidade de mantemento e de control sobre o seu uso. Tamén o proxecto de biblioteca poderá indicar as condicións de emprego dos recursos electrónicos ofertados.

Para afrontar o deseño da colección, desde a biblioteca deberanse expoñer aos docentes os criterios para as novas adquisicións co obxectivo de construír unha colección variada, equilibrada, de calidade e adaptada as necesidades do alumnado, do profesorado e dos outros sectores da comunidade educativa. Deberá ser unha colección que conte con variedade de soportes documentais e na que estean representadas, dun xeito equilibrado, todas áreas de coñecemento que se impartan no centro educativo. Ademais doutros fondos que sen ser expresamente vencellables a ningunha materia, podan ser de interese para o ámbito educativo, formativo ou para o alumnado, como poden ser as publicacións periódicas centradas no tempo de lecer, os filmes, a banda deseñada, etcétera.

Construíndo a colección entre todos os sectores (incluíndo por suposto as suxestións do alumnado e das familias) acadarase que a comunidade educativa sinta a biblioteca como propia, como un espazo e unha colección de seu. Pensarase na biblioteca como o lugar onde queden cubertas as demandas documentais, como o lugar que resolva as necesidades informativas. Entrarase, entón, nunha espiral de demandas de novidades e de recursos que dificilmente alguén poderá deter.

Igualmente, se o proxecto diseña os criterios para as novas adquisicións, tamén debe fixar os criterios para o expurgo periódico. Asumir que se debe expurgar é sempre difícil para as persoas que se inician no ámbito bibliotecario porque, entre outros factores (deterioro, caducidade da información, etcétera), pode supoñer o recoñecemento de erros nas adquisicións ou de falta de capacidade para captar o interese dos potenciais usuarios sobre algún determinado documento.

## **11. Asegurar un orzamento axeitado**

Un dos xeitos de acadar a visibilidade da biblioteca nos centros educativos é conseguindo a súa valoración a través dunha partida orzamentaria suficiente e asignada anualmente. O orzamento deberá estar consolidado e non ter que discutir cada ano sobre a súa conveniencia. Se o Claustro, a Comisión Económica e o Consello Escolar discuten cada curso sobre a necesidade de conceder un orzamento de seu á biblioteca, quere dicirse que non se valora suficientemente este servizo ou que o labor realizado ata entón é avaliado negativamente. As persoas que traballan na biblioteca e o equipo directivo deben encabezar as argumentacións que defendan unhas partidas orzamentarias axeitadas para este servizo.

O orzamento debe garantir a posibilidade de cubrir as necesidades de novas adquisicións en calquera tipo de soporte, do mantemento dos equipos informáticos e de impresión, dos gastos de funcionamento (material funxible, actividades, etcétera) e tamén das necesidades básicas en canto a mobiliario e local. Sen orzamento suficiente non é posible construír espazos educativos aos que se podan chamar bibliotecas.

O orzamento da biblioteca pode ter como referente o 5% do presuposto do centro recomendado pola IFLA<sup>21</sup> e, en todo caso, e sempre tendo en conta o número de alumnos e alumnas, superar os ridículos 700 euros anuais que hoxe en día só superan o 15% da bibliotecas escolares de España<sup>22</sup>.

## 12. Elaborar propostas sobre os servizos a ofertar

No proxecto de biblioteca deberán quedar recollidos os servizos que no futuro pretenden desenvolverse ademais de como será a súa organización. Uns servizos que deberán estar orientados a satisfacer as necesidades de toda a comunidade educativa, porque se debe lembrar que a biblioteca debe dar prioridade aos usuarios fronte á colección, xa que é máis un centro de recursos que un almacén agradable de libros e doutros materiais.

Os servizos a ofertar poden ser: traballo individual; traballo en grupo; consulta documental ou recreativa (en calquera soporte); lectura; préstamo, determinando o tipo (individual, colectivo, de aula, interbibliotecario), a política tanto sobre as persoas (a alumnado, profesorado, outras persoas) como sobre os materiais (libros, dicionarios, dvds, etcétera); reprografía e impresión de documentos; acceso a internet...

A organización destes servizos, que fomentan un xeito de aprender aberto, democrático, plural e crítico, dependerá da dispoñibilidade horaria dos docentes implicados. Esta dispoñibilidade, xa quedou dito noutros lugares a súa transcendencia, deberá ser negociada coa xefatura de estudos e coa inspección educativa, xa que a administración educativa non garante, aínda, a apertura da biblioteca nun amplo horario en todos os centros de ensino.

Ademais destes servizos, e tendo en conta que a biblioteca debe ter como obxectivo prioritario que o alumnado poda acadar as competencias curriculares establecidas, débese ofertar un servizo de apoio ao estudo para o alumnado, fóra do seu horario lectivo e a cargo dun equipo docente multidisciplinar. Deste xeito axudarálle aos

---

<sup>21</sup> *Directrices de la IFLA/UNESCO para la biblioteca escolar* (2002: 6). <http://www.ifla.org/VII/s11/pubs/sguide02-s.pdf>

<sup>22</sup> MARCHESI, A. e MIRET, I.(2005: 211).



alumnos e as alumnas a resolver dúbidas académicas dunha forma individualizada, poderíase orientar en traballos, deberes, nas buscas documentais, etcétera<sup>23</sup>.

O conxunto destes servizos deberán ser ofertados nun horario amplo, garantindo sempre a apertura en todos os tempos de lecer que teña o alumnado (recreos, no tempo entre a mañá e a tarde, no tempo das actividades extraescolares, etcétera), no seu horario lectivo (para garantir o seu uso en colaboración cos docentes) e, mesmo, fóra do horario lectivo do alumnado, tal e como se sinalaba no parágrafo anterior.

Finalmente, o apartado de servizos debe rematar ofertando aos usuarios e usuarias a páxina web e, como mínimo dentro das novas ferramentas informáticas on-line, o blog da biblioteca, como canle informativa, de participación e de interactividade.

### 13. Diseñar plans de dinamización

O proxecto de biblioteca escolar debe marcarse como obxectivo, e polo tanto debe conter propostas ao respecto, a dinamización da biblioteca, tendo como referentes os obxectivos marcados con anterioridade. O conxunto de servizos que se oferten e as actividades que se deseñen e realicen deberán ter por froito, entre outros, o aumento dos usuarios e usuarias, a autonomía dos usuarios e usuarias e o fomento do «aprender a aprender». Mais tamén deben ser un dos eixes da innovación docente do centro<sup>24</sup>.

Xa que logo, a proxecto da biblioteca pode centrar o seu proxecto de dinamización en tres aspectos: a formación de usuarios e usuarias, a alfabetización informacional e a promoción lectora. Ademais, a oferta de actividades tamén deberá abranguer outros contidos de marcado carácter cultural e recreativo.

Deberase ter en conta a magnífica oportunidade que supoñen as actividades de dinamización para a integración, uso e fomento das novas tecnoloxías da información e da comunicación, tales como o manexo de OPACs, webquest, blogs<sup>25</sup>, páxinas webs, wikis, etcétera. Ademais, poden supor unhas novas canles de comunicación entre a biblioteca e os seus usuarios e usuarias, rachando coas barreiras físicas dos

---

<sup>23</sup> BREZMES, M. e CASTÁN, G. (2002: 26).

<sup>24</sup> «...dar a todos os alumnos acceso á lectura como un instrumento de aprendizaxe, supón construír un proxecto de biblioteca escolar centrado nas necesidades informativas de alumnos e profesores, na idea de que se pode aprender máis desde a acción que desde a soa recepción e, sobre todo, no convencemento de que a escola necesita unha reflexión sobre os seus modos de facer lectores nunha sociedade que cambia e que esixe novas formulacións teóricas e prácticas». LÓPEZ, R. e CENCERRADO, L.M. (1998: 112).

<sup>25</sup> Recoméndase o visionado de <http://biblioblogs.googlepages.com/home>, directorio de blogs de bibliotecas escolares galegas, con magníficos exemplos, tanto en educación infantil e primaria, como de educación secundaria.

muros e dos horarios. Se a biblioteca é un centro que debe ensinar a *navegar* polos fondos escritos dos que dispón, tamén debe facelo agora polos electrónicos.

Cada un destes tres plans parciais deberá contar cos seus criterios de avaliación.

### 13.1. Plan de Formación de Usuarios e Usuarias

Tendo en conta que na biblioteca escolar o alumnado non é/non pode ser, o único usuario da mesma, pero si o colectivo que por idade máis descoñece a súa organización e funcionamento, a súa formación como usuario é o medio que permite pór en funcionamento gran parte das potencialidades que ten a biblioteca como centro de recursos documentais e como centro da actividade pedagóxica do centro educativo<sup>26</sup>.

Fronte ás bibliotecas públicas, as escolares gozan da vantaxe de poder planificar con que usuarios e usuarias vanse realizar actividades de formación, posto que ao ser unhas actividades incluídas na programación da biblioteca ou na programación xeral anual, todo o alumnado implicado está obrigado a participar nelas. Froito deste traballo o alumnado que acade os obxectivos previstos nestas actividades da biblioteca escolar, seralle moito máis doado desenvolverse correctamente en calquera outra biblioteca, ben sexa municipal, universitaria, especializada, etcétera.

O proxecto da biblioteca deberá elaborar un apartado referente a este tema, determinando as necesidades e os obxectivos de cada centro, deseñando e programando actividades, así como establecendo os mecanismo de avaliación.

Deixando á marxe a formación que individualmente recibe cada usuario ou usuaria que formula calquera cuestión ao responsable do servizo, o primeiro paso, será determinar os obxectivos que se pretenden acadar no formación de usuarios e usuarias colectiva (poden ser os de dominar o espazo da biblioteca e coñecemento do fondo, dos criterios clasificatorios e o manexo de catálogos e do OPAC). Despois, deberase determinar a que grupos se impartirá o programa (por exemplo: ao inicio de cada ciclo en primaria, ao alumnado de novo ingreso en secundaria), o nivel de formación que se pretende acadar en cada curso escolar (poderase establecer unha gradación de contidos e de actividades por tramos de idade ou de cursos) e establecer un calendario (semella recomendable que estas actividades se desenvolvan sempre no primeiro trimestre de cada novo curso).

Posteriormente deberán ser deseñadas as actividades a realizar:

---

<sup>26</sup> ARELLANO (2002:7).

- Actividades para presentar a biblioteca (ubicación, horarios, normas de funcionamento, características da colección, organización, formas de colaboración, servizos, actividades, xogos, concursos, planos, reparto de guías, etcétera).
- Actividades destinadas a presentar a colección e a súa organización, mediante a introdución á Clasificación Decimal Universal.
- Actividades para comprender os instrumentos de busca. Contando con que a biblioteca estea informatizada e que o alumnado teña acceso ao catálogo, deberase explicar o manexo do OPAC, comentando todas as posibilidades da busca documental. No caso de que non estea automatizada, haberá que explicarlle o manexo dos catálogos manuais, facendo as prácticas correspondentes.

### 13.2. Plan da Alfabetización Informacional

As poucas análises realizadas sobre o comportamento do alumnado na biblioteca amosan enormes carencias tanto na localización como no tratamento da información que necesitan para o seu traballo escolar ou para o seu desenvolvemento persoal. Ademais, a necesidade de manexar técnicas de busca de información, así como as destrezas necesarias para a elaboración, procesamento, tratamento ou restitución desa información, independentemente do soporte no que se obteña ou se restituía, atopan na biblioteca escolar o lugar idóneo para o seu fomento, a súa adquisición e o seu manexo.

Desde hai anos, vense manexando o concepto de *information literacy* ou alfabetización informacional (ALFIN) para referirse a

*saber cando se necesita información e ter a capacidade de localizar, avaliar e aplicar eficazmente a información requirida, independentemente do formato en que esta se atope e do fin ao que se vaia aplicar (académico, laboral, persoal ou social)*<sup>27</sup>.

A construción dun ensino crítico e emancipador, neste espazo para a posibilidade que é a biblioteca, pode vir da man de prácticas metodolóxicas docentes que fomenten o enfoque globalizador mediante a organización dos contidos disciplinares en fórmulas que superen a visión pechada dos libros de texto. E para iso necesítase da ALFIN. Dunha educación documental que tamén ten unha función para o tempo de lecer, para o fomento do crecemento persoal, e, polo tanto, para a construción de comunidades.

Desde a biblioteca, debe elaborarse un Plan de Educación Documental ou, para dicilo en termos máis actuais, un Plan de Alfabetización Informacional. Dito plan debe traballar basicamente tres apartados co alumnado<sup>28</sup>:

<sup>27</sup> CAMPAL GARCÍA, M.F. (2006: 49).

<sup>28</sup> DURBAN ROCA, G. (2006: 61).

- A busca e recuperación da información: recoñecendo a necesidade da información, coñecendo os recursos informativos dispoñibles, dominando a localización e recuperación da información.
- A análise e tratamento da información e a comunicación: actividades para explorar, organizar e rexistrar os contidos seleccionados, tratando de acadar que a información seleccionada pase a ser coñecemento persoal.
- A aplicación da información: actuando con ética e responsabilidade na súa utilización, comunicando e aplicando os resultados correctamente.

Para cada un destes apartados poden realizarse actividades como «O roubo na biblioteca», «O título segredo», xogos con dicionarios e enciclopedias, «O tempo é ouro», realización de dosieres documentais, os buscadores en internet, redacción de xornais de época, elaboración de presentacións en vídeo, presentacións en forma de murais ou en soporte informático, etcétera<sup>29</sup>. Con estas actividades, fomentárase un uso crítico da información, ademais, o alumnado, recibirá pautas para non verse sobrepasado polo exceso de información, polo chamado «ruído documental».

### 13.3. Proxecto Lector

O desenvolvemento normativo da Lei Orgánica de Educación deberá significar un aumento considerable da percepción da necesidade e da importancia da lectura na comunidade educativa. Os educadores, como mediadores culturais e educativos e como formadores de hábitos, teñen a responsabilidade de insistir no imprescindible da lectura (de calquera tipo, en calquera soporte e en calquera lugar) e da escritura; de buscar novas fórmulas para facer interesante aos ollos da mocidade este fundamental ámbito formativo.

Desde a publicación dos decretos 130/2007 e 133/2007, a necesidade da elaboración dun Proxecto Lector e dun Plan Anual de Lectura xa é unha obrigatoriedade para os centros educativos. É un proxecto que debe integrar «todas as actuacións do centro destinadas ao fomento da lectura e da escritura e á adquisición das competencias básicas», no que, tras analizar o contexto en materia de lectura,

*se articulen todas as intervencións que se van realizar no centro en relación coa lectura, a escritura e as habilidades informativas, coa participación do profesorado das distintas áreas, materias e ciclos, incorporando a biblioteca escolar e as bibliotecas de aula como recursos fundamentais para a súa posta en marcha*<sup>30</sup>.

<sup>29</sup> Hai moita bibliografía sobre as actividades que se citan ou sobre outras posibles. De todas as publicacións con actividades só se destacarán as seguintes: ARELLANO, V. (2001), CAAMACHO ESPINOSA, J.A. (2004), VALVERDE, P., CARRASCO, E., MUÑOZ, J.M. (1997).

<sup>30</sup> Ver nota 7.

Este proxecto lector será a referencia para a elaboración de programas anuais de lectura. Estes proxectos poden e deben estar coordinados pola persoa responsable da biblioteca<sup>31</sup>.

Debe marcar obxectivos xenéricos e obxectivos por tramos educativos, distinguindo entre a adquisición das capacidades básicas e o fomento do interese pola lectura e a escritura. Debe conter todas actividades que programen os equipos de ciclos ou os departamentos didácticos, así como os criterios para a súa avaliación.

Este proxecto lector, debe conter actividades para dar a coñecer os fondos da biblioteca, como recomendacións (as posibilidades e formatos poden ser moi variadas); aproveitar as lecturas de moda que se consideren axeitadas; as exposicións temáticas (de literatura fantástica, medo, amor, adolescencia, viaxes, etcétera) ou por autores; exposicións das novidades; elaboración de guías de lectura (das propias exposicións, temáticas, temporais, etcétera). Igualmente debe fomentar a lectura en voz alta (quen escoita participa dun xeito activo nesa lectura) como experiencia colectiva de aproximación aos libros<sup>32</sup>.

Ultimamente estanse realizando moitos clubs de lectura, mais tamén pódense programar obradoiros de escritura creativa, de poesía, de teatro lido, etcétera. Tamén os encontros con autores, sempre e cando estean dentro dun programa xeral e non por imposición dalgunha editorial, poden resultar moi atractivos, así como as presentacións de libros, as sesións de contacontos ou os maratóns de lectura. Actividades como a maleta/mochila viaxeira, a hora do conto tamén son de sobra coñecidas e de probado resultado.

#### **13.4. Outras actividades: a dinamización cultural**

As bibliotecas escolares ademais de redactar documentación no seu proxecto sobre os tres apartados anteriores na que se aborde a súa dinamización, tamén poden/deben converterse en destacados axentes culturais. Para iso, no proxecto de biblioteca deben determinarse o tipo de actividades culturais que se poden ou se pretenden desenvolver, ben de carácter puntual ou ben de carácter permanente. Non obstante, existe o risco de caer nunha febre de actividades sen sentido, nun activismo irreflexivo que só conduce ao cansazo. Débense ter sempre moi presentes cales son os obxectivos prioritarios da biblioteca e centrar os esforzos neles.

---

<sup>31</sup> Así o contempla a *Orde do 17 de xullo de 2007 pola que se regula a percepción da compoñente singular do complemento específico por «función titorial e outras funcións docentes»* (DOG do 24-VII-2007).

<sup>32</sup> CALONJE DALY (2007: 32).

Deste xeito, na programación anual da biblioteca poderanse incluír outras actividades que, se ben poderían deseñarse dentro dalgún dos apartados anteriormente desenvolvidos, ás veces, non se axustan estritamente a ningún deles. Estase a falar de conferencias, debates, audicións musicais, proxeccións, concursos (deseño da mascota da biblioteca, de marcapáxinas, de nome da propia biblioteca), xogos, exposicións (sobre fondos da biblioteca, sobre algunha conmemoración), encontros con autores/as de textos ou ilustracións, etcétera.

#### **14. Determinar a colaboración con outras bibliotecas**

A posibilidade de compartir obxectivos, traballos, experiencias e recursos con outros centros documentais, ben do ámbito educativo (bibliotecas escolares, centros de formación e recursos do profesorado), ben doutros ámbitos (bibliotecas públicas, fundacións culturais ou de apoio á lectura ou ás bibliotecas), debe recollerse no proxecto da biblioteca escolar. Deste xeito poderase compartir a base de datos, facer/solicitar préstamo colectivo, compartir problemas e as súas solucións, compartir experiencias de dinamización, planificar de forma conxunta as adquisicións, compartir a edición de materiais, etcétera.

Débase pensar que o primeiro paso para acadar futuros lectores e usuarios das bibliotecas públicas é, precisamente, a biblioteca escolar. É imprescindible que o proxecto de biblioteca escolar deseñe canles de colaboración con outras bibliotecas, marcando os obxectivos a actividades e os sistemas de avaliación<sup>33</sup>.

#### **15. Elaborar criterios para a avaliación do traballo realizado**

A necesidade dunha mellora permanente no servizo, ben a través de plans de calidade existentes no centro educativo, ben a través de fórmulas propias da biblioteca, debe ser un dos eixes reitores do proxecto de biblioteca escolar. Os contidos mínimos deste proceso de avaliación poden ser: os obxectivos marcados, os indicadores e os seus instrumentos<sup>34</sup>. Precisamente serán os indicadores os máis novidosos no ámbito escolar xa que implicarán a realización de estatísticas, guías de observación, fichas de control, enquisas, etcétera. Cómpre dedicar parte do traballo á realización deste labor. Deste xeito, poderase analizar se foron acadados os obxectivos previstos, comprender mellor as tendencias de uso existentes e tomar as decisións necesarias para a súa mellora.

---

<sup>33</sup> Resulta de enorme interese a consulta da documentación elaborada desde o Serei de Biblioteques de Cataluña no seu «2n Laboratori Biblioteca Pública/Biblioteca Escolar». Pódese ver na seguinte ligazón: <http://www.xtec.es/innovacio/biblioteques/pdf/laboratoriescdef2.pdf>

<sup>34</sup> CAAMACHO ESPINOSA, J.A. (2004: 240).

## 16. Elaborar un calendario de traballo

Unha vez tomada a decisión de traballar para a elaboración do proxecto e contando co apoio ou iniciativa dun grupo de docentes e do equipo directivo, cómpre a elaboración dun calendario que permita afrontar a súa realización. Igualmente será necesaria a planificación do traballo a realizar para o que cumpriría a constitución de pequenos grupos que elaboren documentos parciais para a súa posterior discusión e aprobación no gran grupo. Hai que marcarse obxectivos, así como as tarefas e iniciativas a realizar para acadalos, ao tempo que se determinan uns prazos realistas para o seu deseño. A modo de exemplo, pódese realizar plantillas como a seguinte<sup>35</sup>:

Plan de traballo

Tarefas a realizar	Grupos de traballo. Datas	Asembleas. Datas	Aprobación pola asemblea Data
Concepto de educación e modelo de biblioteca escolar			
Elaboración de diagnoses			
Contidos do proxecto de biblioteca			
Criterios de Avaliación			

Tras a redacción do proxecto, débese programar a súa difusión entre todos os sectores da comunidade educativa e, mesmo, a súa discusión e aprobación no claustro e no consello escolar do centro.

Difusión do documento: Proxecto de Biblioteca Escolar

Órgano	Data para a difusión e/ou aprobación
Xunta de Delegados e Delegadas	
Asociación de Nais e Pais	
Comisión de Coordinación Pedagóxica	
Claustro	
Consello Escolar	

Tamén hai que ser realistas na temporalización dos obxectivos. Unha proposta de consecución deles en pouco espazo de tempo, doadamente levará ao desánimo. Débese planificar a loita polos obxectivos dun xeito realista, tendo moi claro cal é a meta pero tamén cales son as posibilidades temporais de avance. De aí, que na temporalización deberanse consignar os obxectivos a medio e longo prazo. A realización dun proxecto de biblioteca é obxectivo que deberá implicar o traballo en varios

<sup>35</sup> Elaborada a partir de CAAMACHO ESPINOSA, J.A. (2004: 155).

cursos académicos, e para o que se solicitará, como mínimo recurso formativo e orientador imprescindible, a axuda das Asesorías de bibliotecas escolares dos Centros de Formación e Recursos.

Pola súa banda, a Programación Anual da biblioteca, que forma parte da Programación Xeral Anual do centro, recollerá os obxectivos para cada curso escolar.

Tras a elaboración do proxecto, deberá darse a coñecer a todos os órganos do centro. De tal xeito que a súa presentación terá que ser un punto na orde do día da Comisión de Coordinación Pedagóxica, do Claustro e do Consello Escolar, ademais de todas as xuntanzas previas que foran precisas co equipo directivo, con outros docentes, coa Xunta de Delegados e Delegadas do alumnado e coa ANPA.

Finalmente, o proxecto realizado, aprobado e difundido, non será un documento pechado posto que a confrontación permanente coa realidade, máis a experiencia que se acumule e que se plasmará nas memorias anuais, determinarán modificacións dalgúns dos seus contidos. Polo tanto, as memorias, e os mecanismos que se establezan e que permitan avaliar o funcionamento da biblioteca e do seu proxecto, son elementos moi salientables posto que estimulan e permiten a renovación e a investigación dun xeito permanente e constante.

## 17. Bibliografía

Asesoría de bibliotecas escolares (2006): *Bibliotecas escolares de Galicia*. Santiago de Compostela: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Xunta de Galicia. Folleto.

ARELLANO, V. (2001) *Formar usuarios en la biblioteca*. Salamanca, Fundación Germán Sánchez Ruipérez.

ARELLANO YANGUAS, V. (2002) *Biblioteca y aprendizaje autónomo. Guía práctica para descubrir, comprender y aprovechar los recursos documentais*. Pamplona (Navarra), Gobierno de Navarra, Departamento de Educación y cultura.

BARÓ, M. e MAÑÁ, T., (1999) *La nova biblioteca escolar*. Barcelona, Ediciones 62, Rosa Sensat.

BARÓ, M., MAÑÁ, T., VELLOSILO, I., (2001) *Bibliotecas escolares, ¿para qué?*. Madrid, Anaya.

BENITO MORALES, F. (2000) «Nuevas necesidades, nuevas habilidades. Fundamentos de la alfabetización en información», en GÓMEZ HERNÁNDEZ, J.A. *Estrategias y modelos para enseñar a usar la información. Guía para docentes, bibliotecarios y archiveros*. Murcia, KR, 11-75.

*La biblioteca escolar como recurso educativo* (2002). Oviedo (Asturias), Gobierno del Principado de Asturias, Consejería de Educación y Cultura. Inclúe cd.



BREZMES NIETO, M. (2003) «Compensación de desigualdades y un trabajo social en una biblioteca escolar. Balance de una experiencia de tres años» en *Bibliotecas para todos. La lectura y los servicios especializados. 11ª Jornadas de Bibliotecas Infantiles, Juveniles y Escolares*. Salamanca, Fundación Germán Sánchez Ruipérez, 57-70.

BREZMES, M. e CASTÁN, G. (2002) «Trabajo interdisciplinar en la biblioteca. A la búsqueda de un «espacio de la posibilidad» *Educación y biblioteca*, 14, núm. 130: 22-30.

CALONJE DALY, P. (2007) «El sentido de leerles en voz alta» *Educación y biblioteca*, 19, núm. 157: 30-35.

CAMACHO, J.A. (2003) «Bibliotecas escolares. Otro mundo es posible» *Educación y biblioteca*, 15, num. 137: 24-25.

CAMACHO, J.A. (2004) «Guía para la elaboración de un proyecto de biblioteca escolar. Un viaje largo, difícil, pero apasionante» *Educación y biblioteca*, 16, núm. 139: 56-64.

CAMACHO ESPINOSA, J.A. (2004) *La biblioteca escolar en España: pasado, presente... y un modelo para el futuro*. Madrid, Ediciones de la Torre.

CAMPAL GARCÍA, M.F. (2006) «ALFIN de la A a la Z» *Educación y biblioteca*, 18, núm. 156: 49-55.

CARR, W. e KEMMIS, S. (1988) *Teoría crítica de la enseñanza. La investigación-acción en la formación del profesorado*. Barcelona, Martínez Roca.

CARROLL, F. L. (1990) *Guidelines for school libraries*. The Hague, IFLA.

CARROLL, F. L. e BEILKE, P. F. (1979) *Guidelines for the planning and organization of School Libraries Media Centres. Revised version*. París, UNESCO.

FASIK, A.M. (1993) *Pautas sobre servicios en las bibliotecas para niños*. La Haya, IFLA.

CASTÁN, G. (1998) «Sobre el concepto, el modelo y las funciones de las bibliotecas escolares. Reflexiones y propuestas para la Enseñanza Secundaria», en OSORO, K. (coord.) *La biblioteca escolar, un derecho irrenunciable*. Madrid, Asociación Española de Amigos del Libro Infantil y Juvenil, 23-49.

CASTÁN, G. (2002) *Las bibliotecas escolares, soñar, pensar, hacer*. Sevilla, Díada.

DURBAN ROCA, G. (2006) «Aprender a utilizar la información en la biblioteca escolar» *Educación y biblioteca*, 18, núm. 156: 60-62.

FESAIB e ANABAD (1997) *Situación de las bibliotecas escolares en España*, (exemplar fotocopiado).

GARCÍA GUERREO, J. (1999) *La biblioteca escolar, un recurso imprescindible. Propuestas y materiales para la creación de ambientes lectores en los centros educativos*. Sevilla, Consejería de Educación y Ciencia.

GIROUX, H. (1990) *Los profesores como intelectuales. Hacia una pedagogía crítica del aprendizaje*. Barcelona, Paidós-MEC.

GÓMEZ HERNÁNDEZ, J.A. *Estrategias y modelos para enseñar a usar la información. Guía para docentes, bibliotecarios y archiveros*. Murcia, KR.

ILLESCAS, M.J. (2003) *Estudiar e investigar en la biblioteca escolar. La formación de usuarios*. Pamplona (Navarra), Gobierno de Navarra, Departamento de Educación y Cultura.

JORDI, C. (1998) *Guía práctica de la biblioteca escolar*. Salamanca, Fundación Germán Sánchez Ruipérez.

LÓPEZ, R. e CENCERRADO, L.M. (1998) «La biblioteca escolar: un delirio necesario», en OSORO ITURBE, K. *La biblioteca escolar, un derecho irrenunciable*. Madrid, Asociación Española de Amigos del Libro Infantil y Juvenil, 110-117.

MARCHESI, A. e MIRET, I.(2005) *Las bibliotecas escolares en España. Análisis y recomendaciones*. Madrid, Fundación Germán Sánchez Ruipérez e Idea.

MORENO, V. (2003) *Leer para comprender*. Pamplona, Gobierno de Navarra, Departamento de Educación y Cultura.

OSORO ITURBE, K. (1998) *La biblioteca escolar, un derecho irrenunciable*. Madrid, Asociación Española de Amigos del Libro Infantil y Juvenil.

PÉREZ IGLESIAS, J. (editor), (2004) *Palabras por la biblioteca*. Madrid, Consejería de Cultura de Castilla-La Mancha e Asociación Cultural Educación y Bibliotecas.

*Plantamientos de la pedagogía crítica. Comunicar y transformar* (1994). Barcelona, Graó.

RUEDA, R. (1998) *Bibliotecas escolares. Guía para el profesorado de educación primaria*. Madrid, Narcea.

SALABERRÍA, R. (1997) *Bibliotecas públicas y bibliotecas escolares: una colaboración imprescindible*. Madrid, Ministerio de Educación y Ciencia.

VALVERDE, P., CARRASCO, E. e MUÑOZ, J.M. (1997) *La biblioteca un centro-clave de documentación escolar. Organización, dinamización y recursos en Secundaria*. Madrid, Narcea.

YÁGUEZ, E. e ZAMORA, M.J. (2006) *Guía práctica para el desarrollo y dinamización de la Biblioteca escolar en Secundaria*. Madrid, MEC-CIDE.